

### III CARREIRA POPULAR DAS DORES 2024

1. O Concello de Ponte Caldelas, conxuntamente co Club Atletismo Rías Baixas, organizan o **sábado, 14 de setembro de 2024 as 18:00h.**, a III Carreira Popular Das Dores 2024, na Alameda de Ponte Caldelas, cunha distancia de 4 km. e coa colaboración da Federación Galega de Atletismo (FGA).

2. A carreira está aberta a atletas federados e non federados, dependendo das categorías sinaladas no presente regulamento, sempre que se atopen en boa condición física.

#### 3. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIO.

A) Absoluta, nados en 2006 ou antes, 4 km. 18:00h.

B) Cadete/Sub16 e Xuvenil/Sub18, nados en 2010, 2009, 2008 ou 2007, 1.200m. 18:35h.

C) Infantil/Sub14, nados en 2012 ou 2011. 1.200m. 18:45h.

D) Alevín/Sub12, nados en 2014 ou 2013. 600m. 18:55h.

E) Benxamín/Sub10, nados en 2016 ou 2015. 600m. 19:03h.

F) Pre-benxamín/Sub8, nados en 2018 ou 2017. 150m. 19:11h.

G) Pitufos, nados en 2020 ou 2019. 100m. 19:16h.

H) Chupetes, nados en 2021 ou despois, 50m. 19:25h. (acompañados polos seus pais).

4. **PERCORRIDO.** As carreiras para os **mais pequenos (F, G, H)**, dispútanse na Avda. de Marín (Alameda de Ponte Caldelas). **Para os Benxamíns e ata os Cadetes (B, C, D, E)**, nun circuito con saída na Avda. de Vigo (Alameda), xiro a esquerda para coller o Paseo Mamá Clotilde (orilla do Río Verdugo), e Avda. de Marín (Alameda); ao que darán unha ou dúas voltas dependendo da categoría.

A **carreira Absoluta**, un circuito de 1.373 metros, ao que darán 3 voltas, para completar 4.150 metros, aproximadamente. SAÍDA: Avda. de Vigo, seguir ata a ponte sobre o río Verdugo, facendo un troco de sentido xusto antes da ponte; para voltar pola Avda. ata desviarse a dereita polo Paseo Mamá Clotilde (orilla do Río Verdugo), Avda. de Marín (Alameda) META.

5. **INSCRICIÓN.** A inscrición, efectuarase a través da **páxina web: <https://www.carreirasgalegas.com/>**, pechando o prazo o martes, 10 de setembro. Haberá que indicar o nome completo, data de nacemento, localidade, país, correo electrónico, teléfono e DNI ou documento análogo; así como os datos de autorización do titor legal no caso dos menores de idade. Para os atletas federados a maiores: número de licenza e Clube.

**Para as carreiras F), G), e H); poderán inscribirse tamén o día da carreira**, na Alameda de Ponte Caldelas, a partires das 16:00h. e ata media hora antes da súa carreira.

AQUELAS PERSOAS CON **DISCAPACIDADE FÍSICA OU INTELECTUAL**, COMUNICALO A MAIORES AO CORREO ELECTRÓNICO, ATA O MARTES 10 DE SETEMBRO: [atleriasbaixas@gmail.com](mailto:atleriasbaixas@gmail.com)

6. **RECOLLIDA DE DORSAL E CHIP**, O dorsal recollerase o día da carreira dende as 16:00h. na Alameda de Ponte Caldelas e ata media hora antes da súa carreira. Procurade levar os alfinetes para suxeitar o dorsal.

7. **PREMIACION.** A partir das 19:30h. na Alameda de Ponte Caldelas. Entregaranse premios aos tres primeiros por sexo e nas seguintes categorías: Infantil (nados en 2012, 11), Cadete (nados en 2010, 09), Xuvenil (nados en 2008, 07); conxuntamente: Junior/sub20 e Promesa/sub23 (nados en 2006, 05, 04, 03, 02); Senior e Máster35 (nados en 2001 e ata os 39 anos cumpridos); Máster40 e Máster45 (de 40 anos a 49 anos cumpridos); Máster50 e Máster55 (de 50 anos a 59 anos cumpridos); Máster60 e Máster65 (de 60 anos a 69 anos cumpridos); Máster70 en diante (a partir de 70 anos cumpridos e maiores). Ademais de premio ao gañador e a gañadora da carreira Absoluta.

Estableceranse **premios especiais** ao mellor clasificado, veciño de Ponte Caldelas, tanto home coma muller, na carreira Absoluta e aos millores con discapacidade intelectual e física.

Os premios para as categorías de Chupetes a Alevín, entregaranse en meta a conclusión das súas carreiras.

9. **USO DE VESTIARIOS.** Poderanse usar os vestiarios do Pavillón Municipal Gustavo Dacal de Ponte Caldelas (P. Chan Da Barcia), de 17:30h. a 20:30h.

10. **RESPONSABILIDADE.** A organización non se fai responsable dos danos que puidesen causar ou causarse as persoas participantes polas súas imprudencias ou negligencias. Os participantes corren baixo a súa responsabilidade e teñen a condición física necesaria para correr a distancia programada.

11. **PROTECCION DE DATOS PERSOAIS E SEGUROS.** Os datos suministrados a organización, utilizaranse para elaboración, publicación e difusión; da relación de persoas inscritas e os resultados das carreiras. Ademais coa inscrición autorizan a publicación da súa imaxe para o fomento do atletismo e a publicidade desta carreira en calquer medio de difusión. Poderá exercer os seus dereitos ao correo electrónico: [atleriasbaixas@gmail.com](mailto:atleriasbaixas@gmail.com).

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

12. **NORMATIVA APLICABLE.** Ao inscribirse nesta carreira, as persoas aceptan o presente regulamento, a lexislación aplicable a este tipo de competicións e as normas federativas de atletismo. Así mesmo para o non reflexado neste regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e WA en vigor para probas en ruta. As **reclamacións** faranse verbalmente ante o xuíz árbitro da proba e ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

13. **OBSERVACIÓNS.** O presente regulamento poderá sufrir modificacións en función de causas alleas a esta organización.

14. **APARCADOIROS.** Haberá aparcadoiros nas inmediacións da sede do Concello de Ponte Caldelas e tamén no Pavillón Municipal (P. Chan Da Barcia).

PLANO PERCORRIDO: *III Carreira Popular Das Dores. Ponte Caldelas, 14 de setembro de 2024. 18:00h.*

